

O Concello de Camariñas únese outro ano máis a Campaña:

“EN NEGRO CONTRA A VIOLENCIA”

Continúa o traballo que dende o Concello de Camariñas se realiza contra esta lacra da nosa sociedade como é a violencia de xénero. Hoxe, a Alcaldesa de Camariñas, Sandra Ínsua Rial desprazábase ata Santiago de Compostela para asinar o protocolo **EN NEGRO CONTRA A VIOLENCIA**.

Esta é unha iniciativa de denuncia e sensibilización social contra a violencia de xénero promovida por 105 entidades entre eles, Camariñas. Esta importante campaña deste grupo de concellos ten como obxectivos os seguintes puntos:

- Fomentar unha acción de sensibilización cidadá contra as violencias machistas no ámbito municipal a través da coordinación entre concellos.
- Implicar a toda a cidadanía nunha resposta colectiva de rexeitamento da violencia de xénero e dos asasinatos machistas.
- Identificar, transmitir e incidir nos comportamentos e expresións verbais que están detrás da violencia de xénero a través do uso de materiais de campaña por parte da cidadanía, establecementos comerciais e axentes sociais.

O acto tivo lugar as 12:00 da mañá coa chegada dos representantes dos Concellos e Deputacións. Reunidos todos e todas fíxose a foto de familia na praza do Obradoiro. A continuación todos os presentes desprazáronse ata o Salón Nobre do Pazo, onde se continuou o acto coas quendas de intervención. Finalmente asinouse o protocolo.

En fin, unha boa iniciativa desenrolada dende o concello para tratar de concienciar e erradicar da sociedade esta lacra social: “As Violencias Machistas”